

Sesión música infantil do 1 ao 5 de xuño

Se tedes calquera dúbida ou queredes compartir algunha actividade aquí vos deixo un correo de contacto musicacrapontedapedra@gmail.com

1º Audición de **Natura** do grupo A Comuna del Barruzo.

-Escoitamos e vemos o vídeo. Gustouche a canción? Por que si/non? De que falaba a canción? Que instrumentos aparecían? **Acordeón, pandeiro, voz, baixo eléctrico e o sitar**. Coñecíalos todos? **O sitar é un instrumento de corda da India e de Pakistán, en Asia.**

-Aquí vos deixo un vídeo onde podedes ver e escoitar o Sitar tocando música hindú: **Pancham Se Gara** interpretado por Anoushka Shankar.

2º Ritmo en familia.

-Este luns 1 de xullo celébrase o día internacional das nais e dos pais. Imos a celebralo cantando e tocando con mamá e con papá. Seguro que algún deles coñece cancións de palmas de cando eran pequenos coma vós. Pois hoxe teñen que ensinárvola e tedes que facela xuntos. Por se acaso non se lembran...aquí vos deixo unha moi sinxela: **Choco la la**.

3º Xogamos con **Bicycle Race** de **Queen**.

-Traballamos o son e o silencio. Reproducimos a canción e as nenas e os nenos teñen que moverse como se fosen nunha bicicleta, cada vez que paramos a música teñen que parar. Cando soan os timbres de bici na canción temos que imitar o son coa boca ou tocar un timbre (se temos na casa). Se teñen un triciclo pequeno e espazo para usalo poderíamos facer a actividade andando eles no triciclo ou bicicleta.

-Se téis unha bicicleta na casa...cóllea e proba que sons poderías facer con ela? **O son do timbre, da cadea cando lle damos aos pedais para atrás, das rodas cando as facemos xirar rápido no aire...**

-Este mércores 3 de xuño celébrase o día internacional da bicicleta, así que vos animo a celebralo dando un paseo na bici acompañados pola vosa familia.

4º Pintamos a música.

-Propóñovos dous temas ben diferentes para que escollades e debuxedes mentres os escoitades:

A-**Canto da balea xibardo(jorobada)**.

B-**Canto do reiseñor**.

Por se prefiren colorear un debuxo feito aquí vos deixo dúas imaxes para imprimir e colorear: **Balea xibardo** e **Reiseñor**.

5º RETO DESTA SEMANA!!

-Esta semana propóñovos celebrar o día internacional do medioambiente (5 de xuño) facendo un pequeno experimento...aquí vos deixo as instrucións: **Flores flotantes**. E por se queredes acompañar a actividade con música recoméndovos o **Valse das flores**, do ballet El cascanueces de Tchaikovsky.